

Capacitación TIC en Software Libre

O Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza, como parte das súas actividades de difusión e promoción do Software Libre na PEME galega e como complemento ao DVD da PEME lanzado en novembro de 2007 ten o propósito de capacitar á empresa TIC galega para que sexa quen de abordar proxectos de implantación e soporte de servizos en Software Libre.

Para acadar este obxectivo o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza achegará ás empresas de servizos TIC de Galiza un plan de capacitación TIC en Software Libre.

Nunha primeira fase piloto deste plan levarase a cabo a capacitación das empresas en **servizos básicos de Software Libre**: ofimática, internet, intranet, ferramentas de traballo colaborativo e de publicación web. Esta fase terá lugar entre o 13 de xuño e o 19 de xullo de 2008.

Dado o seu carácter piloto celebrarase unha soa edición en Santiago de Compostela. Logo de rematada esta fase avaliaranse os resultados obtidos na mesma adaptando o plan de formación ás necesidades reais das empresas TIC galegas.

Así, no último trimestre do ano abordarase a segunda fase do plano de capacitación na que se pretende chegar a un maior número de empresas e ámbitos xeográficos máis amplos.

Programa

Os contidos estrutúranse en dous módulos subdivididos en bloques que se impartirán nun total de **56 horas**. Co fin de acadar un equilibrio entre a conciliación da vida familiar e laboral e o bo aproveitamento da formación, impartirase en sesións intensivas de 4-5 horas, seguindo o seguinte esquema: Venres de 16:00 a 20:00 e Sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.

Módulo 1		
Introdución á planificación de proxectos de implantación e soporte en SwL (12 horas)		
Destinatarios:	Persoal directivo ou xefes de proxecto.	
Obxectivo:	Dar a coñecer os modelos de negocio en torno ao SwL, os aspectos legais así como unha orientación cara a planificación deste tipo de proxectos e as posibilidades de subvencións públicas.	
Bloques:	As empresas e o SwL na sociedade da información Trataranse aspectos como o SwL como oportunidade de negocio e como tecnoloxía estratéxica; a incorporación do SwL aos modelos de negocio tradicionais, novos modelos de negocio... ou aspectos da lexislación sobre as TIC poñendo especial atención ao SwL.	<i>13 xuño 2008</i>
	Planificación de proxectos de implantación e soporte de SwL (4 horas) Farase un repaso aos recursos financeiros públicos dispoñibles para a implantación das TIC. Tratarase o enfoque da implantación de software como proxecto empresarial destacando a importancia da planificación da implantación-migración así como do soporte.	<i>14 xuño 2008</i>



	Avaliación tutelada (4 horas) Sesión de avaliación na que o persoal docente realizará de forma conxunta co alumnado un suposto práctico sobre unha proposta dun proxecto de implantación de SwL.	14 xuño 2008
Módulo 2		
Implantación e soporte de servizos básicos en SwL (44 horas)		
Destinatarios:	Persoal técnico das empresas TIC, que vaian desempeñar as tarefas de implantación e/ou soporte en SwL.	
Obxectivo:	Fornecer as bases para a implantación e posterior soporte das ferramentas básicas dunha oficina informatizada: ofimática, internet e intranet.	
Bloques:	Aplicacións de escritorio (8 horas) Este bloque desenvolverase en dúas sesións: <ul style="list-style-type: none"> ● Introducción ao escritorio básico de oficina en SwL en rede. ● Implicacións da planificación da migración a SwL. 	<i>Venres 27 xuño</i> <i>Sábado 28 xuño</i>
	Servizos en rede xenéricos (12 horas) Este bloque desenvolverase en 3 sesións: <ul style="list-style-type: none"> ● Servizos básicos de Internet. Servidor de ficheiros e de nomes. SMB e BIND ● Servizos de correo electrónico. Postfix, Mailman e SpamAssasim. ● Servizos de extranet. Servidor web e de BBDD. Apache, MySQL, PostgreSQL. 	<i>Sábado 28 xuño</i> <i>Venres 4 xullo</i> <i>Sábado 5 xullo</i>
	Avaliación tutelada (4 horas) Logo de explicar o concepto de LDAP proporase ao alumnado a instalación dun servizo LDAP baseado en OpenLDAP de xeito que se integre no servidor SMB xa instalado. O obxecto do exercicio non é lograr a instalación e integración destes dous servizos durante esta sesión, senón enfrontar ao alumnado ante unha situación real de instalación co tempo limitado.	<i>Sábado 5 xullo</i>
	Servizos avanzados de intranet e extranet (16 horas) Este bloque desenvolverase en 4 sesións: <ul style="list-style-type: none"> ● Traballo en grupo. eGroupWare e eticket. ● Publicación web colaborativa. WordPress, B2Evolution e MoinMoin. ● Publicación web. Joomla. ● Sistemas de comercio electrónico. OsCommerce. 	<i>Venres 11 xullo</i> <i>Sábado 12 xullo</i> <i>Venres 18 xullo</i>
	Avaliación tutelada (4 horas) Integración de Joomla e OsCommerce. Proporase a creación dunha web mediante o CMS Joomla na que se integrará unha tenda virtual elaborada con OsCommerce. O obxecto do exercicio non é lograr a instalación e integración destes dous servizos durante esta sesión, senón enfrontar ao alumnado ante unha situación real de integración e adaptación.	<i>Sábado 19 xullo</i>